

OPE 2018: CORPO DE XESTIÓN A2 ESCALA TÉCNICA ESTATÍSTICOS CONVOCATORIA 2º EXERCICIO

Santiago de Compostela 22/09/2021

Publicada hoxe en DOG a [Resolución do 14 de setembro de 2021, do tribunal do proceso selectivo do corpo de xestión, subgrupo A2, escala técnica de estatísticos](#), pola que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización do **segundo exercicio do proceso selectivo**:

- Día: 30 de setembro de 2021
- Chamamento único que se iniciará ás 15.30 horas
- Lugar: aula 6 da Escola Galega de Administración Pública (Rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes **deberán ir provistas** de:

- DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e bolígrafo de tinta azul.

Os **aspirantes serán provistos de calculadora polo tribunal** e quedará prohibido o uso de calculadoras distintas daquelas que se lles faciliten.

Non se permitirá o acceso ao recinto en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.